

Contabilidade trimestral. Segundo trimestre de 2005

COMUNICADO

A economía galega creceu a unha taxa interanual do 3,1% no segundo trimestre de 2005

O PIB galego medrou a un ritmo do 3,1% a prezos constantes no segundo trimestre de 2005 en comparación co segundo trimestre de 2004.

En termos de datos corrixidos de estacionalidade e efectos calendario, o PIB de Galicia medido a prezos de 2000 rexistrou un crecemento do 3,1% no segundo trimestre de 2005 sobre igual período do ano anterior. Este crecemento supera en catro décimas ao rexistrado no trimestre precedente e dende a perspectiva da oferta foi a resultante dun comportamento expansivo das ramas agraria e pesqueira, da construción e dos servizos e dun retroceso no sector industrial. Na seguinte táboa reproducécese este comportamento.

Contabilidade trimestral de Galicia. Base 2000 segundo trimestre de 2005

Produto Interior Bruto trimestral e os seus compoñentes. Prezos constantes de 2000

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación anual e interanual (%)

Operacións	2003	2004	2004				2005	
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Gasto en consumo final	3,2	3,2	3,6	3,3	3,3	2,7	2,9	3,2
-Gasto en consumo final dos fogares	3,1	3,2	3,3	3,4	3,1	2,8	3,2	3,3
-Gasto en consumo final das AAPP e ISFLSF	3,5	3,5	4,5	2,7	4,2	2,4	1,8	3,0
Formación bruta de capital	3,9	4,2	1,6	4,7	5,9	4,6	6,0	6,5
Demanda interna ⁽¹⁾	3,8	4,0	3,4	4,1	4,6	3,7	4,3	4,7
Exportacións de bens e servizos	4,6	6,7	6,5	6,8	7,8	5,8	3,8	4,5
Importacións de bens e servizos	5,6	6,7	5,8	7,1	8,2	5,9	5,3	5,8
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	2,4	3,1	3,2	3,0	3,3	2,9	2,7	3,1
Ramas agraria e pesqueira	-3,5	2,3	0,9	-1,4	0,5	9,6	0,3	3,8
Ramas enerxéticas	3,7	0,7	2,6	1,1	0,4	-1,3	-1,5	-1,2
Ramas industriais	2,6	2,1	2,2	3,4	3,9	-0,8	1,4	0,1
Construción	3,1	4,0	2,8	3,9	4,8	4,4	4,3	3,7
Ramas dos servizos	2,4	3,3	3,8	3,0	3,4	3,1	3,2	3,6
- Servizos de mercado	2,1	3,2	3,4	3,1	3,2	3,2	3,4	3,6
- Servizos non de mercado	3,5	3,6	4,8	2,9	3,9	2,9	2,7	3,8
Impostos netos sobre os produtos	3,7	3,6	2,9	4,5	2,5	4,6	2,9	5,4


Fonte: IGE. Contabilidade trimestral

⁽¹⁾ Achega ó crecemento do PIB pm.
2003, 2004, 2005 avance

A achega do sector exterior quedou cifrada en -1,6 puntos porcentuais.

Dende a perspectiva da demanda, a achega da demanda interna foi de 4,7 puntos porcentuais e a achega do sector exterior foi de -1,6 puntos. Con respecto ao trimestre precedente, a achega negativa do sector exterior permaneceu constante mentres que a achega da demanda interna se elevou en catro décimas. Dentro da demanda interna foi a formación bruta de capital a que elevou o seu ritmo de crecemento en maior medida, o gasto en consumo final dos fogares e o das administracións públicas tamén tiveron taxas de crecemento superiores ás do trimestre precedente.

Prezos constantes de 2000. Datos corrixidos de estacionalidade e calendario.



Fonte: IGE. Contabilidade trimestral.

Redución das tensións inflacionistas e crecementsos dos salarios inferiores ó crecemento dos prezos.

No segundo trimestre de 2005 os prezos dos bens consumidos polos fogares galegos creceron un 3,1%, dúas décimas por debaixo do crecemento rexistrado no primeiro trimestre, e quedaron situados unha décima por debaixo dos prezos nacionais. A inflación subxacente presentou un descenso no seu crecemento máis acusado que o índice xeral, catro décimas, quedando situada no 2,6%.

No que respecta aos salarios, os datos dispoñibles da enquisa trimestral de custo laboral poñen de manifesto un descenso do crecemento do custo laboral ao pasar dun crecemento interanual do 3,2% do primeiro trimestre ao 2,9% do segundo trimestre

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
 Complexo Administrativo San Lázaro s/n
 15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
 Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
 FAX: 981.54.13.23
 Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>
 e-mail: ige@xunta.es